



A exposición *Cartografía Social do Dereito ao Hábitat na Ciudades da Coruña* é o resultado dunha experiencia de aprendizaxe-servizo desenvolvida entre a Facultade de Ciencias da Educación da UDC e a asociación Arquitectura Sen Fronteiras, no marco dun proxecto de difusión do dereito ao hábitat cofinanciado polo Xunta de Galicia, desenvolvido ao longo do curso académico 2017-2018, e no que participaron 3 docentes, 174 estudantes e 47 entidades sociais, contando ademais co asesoramento do [Estudo Rurban](#) especializado neste tipo de cartografías.

Neste exemplo de traballo colaborativo, o alumnado das dúas materias do Grao en Educación Social implicadas (Educación Multicultural e Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables), identificou cerca dun millar de escenas de exclusión do dereito ao hábitat nas súas derivas pola cidade (67 en total); rexistrou 37 recursos destinados a persoas sen fogar e inmigrantes ou pertencentes a minorías étnicas; e entrevistou a 46 profesionais e 24 persoas en situación de vulnerabilidade.

Pola súa parte, o estudantado de Pedagogía, Socioloxía e Psicoloxía das Artes Plásticas e Visuais, materia do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, foi o encargado de deseñar a exposición dando formato gráfico a toda a información recompilada.



OBXECTIVOS

Pretendéronse acadar os seguintes obxectivos:

- Visibilizar a exclusión residencial na cidade da Coruña, desde a mirada e a voz de persoas sen fogar, persoas inmigrantes ou pertencentes a minorías étnicas, así como de profesionais do ámbito
- Identificar e caracterizar a rede de recursos da cidade da Coruña destinados a estas persoas



MATERIAIS

A exposición consta dos seguintes materiais:

- 5 paneis informativos de dimensións 200 x 100 cm.
- 1 panel informativo de dimensión 250 x 100 cm.
- 1 reprodución dun caixeiro automático que inclúe material gráfico e audiovisual de dimensións 200 x 200 x 200 cm.